

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 50

A CRUÑA 30 DE MARZAL DE 1918

A ASAMBREIA DE PARLAMENTARIOS GALEGOS

GOBERNAMOS DEND' A OPOSICIÓN

Os xornales d'istos días anunciaron qu'os deputados e senadores galegos da ceifa derradeira xuntáronse en Asambreia pra procurar a solución dos problemas galegos de máis urxencia.

Pra iso nomearon tres comisiós permanentes: unha de subsistencias, outra de comunicacións e outra de custións xurídicas.

A súa autuazón estéril sempre, aínda máis, desastrosa, fáinos temer que sexa tamén estéril a qu'agora intentan. Mais sexa ou non eficaz, o feito d'haberse lembrado de realízala, supón un triunfo do rexionalismo.

* * *

Foi n-aquel tempo—fai xa dous anos—en que o rexionalismo alboreaba en Galicia como unha rayola de sol, cando ises mesmos deputados fixeron aquel famoso *bloque* pra resolvel-os problemas de comunicacións e subsistencias. Dend'o comenzo véuse crara súa finalidade qu'era arrincar o xermolo do rexionalismo que nascía com'un fatal interrogante pra os caciques. E como súa finalidade era disolvente, o bloque desfíxose com'unha pompa de xabón. As comunicacións seguiron á pior, e pr'as subsistencias aconsellaron sementar trigo n-ós montes, solución de Pero Grullo que os puxo en ridículo ante o senso común.

O rexionalismo foi á loita electoral. Os feudos caciquiles sufriron unha sacudida volcánica, y-eles vendo que nosa forza estaba n-o campo, fundaron en Madrid—sempre en Madrid!—un centro agrario que volvéu á aconsellar o cultivo dos montes.

Agora n-o campo non hai mainzo. Todas as entidades representativas da opinión pidiron ó Goberno a solución d'ise conflito qu'amenazaba ao labrego co-a miseria, que xa fixo aparicións tráxicas n-a campía, e cuia existencia nosos políticos iñoraban. Os rexionalistas xa no mes de Nadal pidíramos ó Ministro de Facenda, Sr. Ventosa a importación pol-o Goberno, de mainzo arxentino. E dempois de todo isto nosos deputados lémbrense de pidil-o mesmo.

¿Non vése craramente pol-o dito que os

nosos políticos obran eisí porque o rexionalismo os aguilloa?

Por iso poñía ó comenzo que a súa Asambreia é un triunfo do galeguismo. Sin t-er representantes n-as Cortes gobernamos dend'a oposición porque o medo ó noso triunfo

AO NIÑO

*Lonxe de tí, terra amada,
o teu recordo he unha frol
de suidosos ulidos
e feiticeiras visións.*

*¡Ouh casal onde fun nado,
amoriños do meu lar
añiñado antre piñeiros
cal pomba no seu pombal!*

*¡Ouh fontelas xurradoras
onde se espella o luar,
alborada dos oliños
da moza dos meus afás!*

*Alalalas manseliños,
ledus triadas dos turreiros,
alegría que froleces
na tristura dos meus eidos.*

*¡Terra amante, eu non te esquezo!
E tras do teu agarimo,
irei coma as anduriñas
a morrer no vello niño.*

VICTORIANO TAIBO.

fai dilixentes ós caciques. Ou com'a si dixéramos, o medo gard'a viña.

* * *

¿Cand'os deputados visitaron os seus distritos? ¿Cando, com'agora, pormetéronlles sin taxa? Os deputados que saíron por Galicia d'esta fornada fixeron pública, oficial e privadamente cós Aumentamentos e caciques que os votaron, compromisos de espléndidas concesións, e favores de intensa autuazón ante o Goberno. Non persentaron un programa porque o non teñen, nin defenderon un ideal porqu'eles foron sempre a negación de todo ideal. Pro levados pol-o medo,

fixeron ofrecimentos cobardes que xa non trataron de tapar co-a aparencia d'unha aspiración popular ou d'unha enmenda política, sinon que ispiaron impudicamente seus egoismos e suas claudicacións, porque non saben de pudor nin de crianza os que fixeron da política un endego d'inmoralidades, unha tapadeira d'adulterios xurídicos, e un disolvente de total-as responsabilidades.

Por iso agora terán de fracasar unha vez mais; e d'aquela non xá quedará ispida ante as xentes súa incapacidade sinon que deixarán ó descuberto os compromisos pol-os que foron ó Parlamento. Entonces veremos caer ó caciquismo superior, con vilipendio, por incapaz, inmoral e canalla.

* * *

E que ha de ser eisí demóstran-o os acordos que tomaron. Acordaron pedir ó Goberno que autorice a importación do mainzo sin pago de dereitos.

Isto dínos que sómente d'un problema se lembraron, cando tantos hay pranteados. ¿Non é tan urxente, v. g., a exportación de gando?

E o problema pranteado o iñoran por complot. Pídenlle ó Goberno a importación de mainzo sin pago de dereitos. ¿E resulta que o que piden, a exención aduaneira xá está concedida dende fai tres anos!

Píden que se permita a importación. ¿A quén s'ha de permitir? ¿ós particulares? ¿e non saben que os particulares non poiden importar porque non lles fai negocio? Oiron tocar as campás e axouláronos.

En resumen, todol-os nosos deputados xuntáronse en gran Asambreia pra dous ouxetos: pedir a solución d'un problema, que non souperon prantear e que xa pidéu toda Galicia; e pedir unha exención arancelaria que xá está concedida dende fai tres anos. Lucíronse.

Pero en troques demostraron duas cousas (que por certo xa sabíamos): o noso inxente poder que goberna dend'a oposición, e que a súa cobardía é tan grande com'a súa incapacidade.

LOIS PEÑA NOVO.

SADA POL-O GALEGUISMO

O imperio dos caciques vai afundíndose

O día 24 derradeiro fixeron un mitin en Sada os irmáns da Fala da Cruña e Betanzos, pol-a iniciativa da sociedade *Defensa Veciñal* d'aquela ridente e progresiva vila.

Comenzou o acto ás tres da tarde. Da Cruña fono os Sres. LUGRÍS, Pena Novo, Vilar Ponte, Ferro, Casal, Blanco, Lafuente, Fajardo, Faraldo, Agrafojo, Ferreiro, Bello, Monasterio e algúns mais dos que esquencéronsen os nomes.

De Betanzos asistíron, os representantes da *Irmandade* d'aquel pobo, Francisco Vales, José Ares e José Babío.

Presidían o acto D. Justo Rodríguez, presidente da *Defensa Veciñal* o secretario don Angel López e os oradores.

O Sr. Rodríguez, con sinceridade y-elocuencia espuxo ós concurrentes o ouxeto da xuntanza.

O Sr. Vilar Ponte ofrecéu a axuda das *Irmandades* pra total-as reclamacións e loitas contr'o caciquismo. Espricou o significado da interrogación en forma de fouce que teñen coma símbolo aquelas agrupacións.

O Sr. Pena Novo fixo un estudo craro e fondo da labore realizada pol o centralismo, pondo de releve canto Galicia sofre c'o caciquismo e a necesidade do trunfo das ideas galeguistas.

O Sr. LUGRÍS Freire cantou os ideaes rexionalistas, amostrando coma n-eles collen as dereitas pro millor ainda os homes das izquierdas. Aludéu ás venganzas dos caciques

que teñen por arma o reparto do consumo.

Ó derradeiro cantouse o hino galego.

Foi un acto grande, cheo d'entusiasmo, latexante de civismo. No salón da Sociedade onde aquel tivo logare, tiñan posto mais mulleres que homes.

Cando os irmáns da Fala, voltaron pr'a Cruña, unhas 2.000 persoas, tod'o pobo de Sada, acompañou ós porpagandistas mais d'un kilómetro, carreteira adiante. Cantábase o hino galego; ceibábanse berros contr'o caciquismo e vivas á nosa terra. As mulleres, isas mulleres de Sada que parecen produto d'unha raza forte superior á xeneralidade dos tipos que s'ollan en Galicia, amostraban un fondo e aceso entusiasmo meirande ainda que o dos homes.

Os caciques e os servos dos caciques, o mesmo que os señoritos cursis d'espiritualidade neutra, incapaces d'axudare á nada que sexa grande e impoña sacrificios, ollaban dende balcóis e fenestras con certo disimulo aquela alborada de redención imponente, aquela manifestación do pobo vivo e desperto, que lembraba á moitos algunhas páxinas de *Germinal*.

Tal vos era o entusiasmo que tiveron necesidade de falar ó público dende as outuras d'unha congostra verdecente e froída, verdadeiro trono primaveiral, os irmáns LUGRÍS e Pena Novo, pra que se desfizera a inequiescente manifestación.

¡Unha nova xornada trunfal!

Pol-o abolengo e a raza

VIN unha regocixada epístola, firmada pol-o señor don Xaquín Arias Sanxurxo, na que iste, prometendo desbotar non sei qué inxurias que lle fixo non sei quen, pois él o non dí, enxerxa uns abracadabran-tes ataques contra da nosa Irmandade da fala, do Catalanismo, de min, e dos galeguistas, contra de todo aquilo, en fin, que ten o raro privilexio de sere o obxecto constante da súa teimosa e inconfesable xenreira, e, de camiño, aproveita a ocasión pra dar a conocele-a súa esgrevia linaxe.

Non é, certamente, d'estrñar o derradeiro en quen, coma él, pol-o que dí, non figura en ningunha sociedade de bombos mutuos, e danse casos ademais en que todo compre e convén, xa que ollando o actual rebaixamento de caracteres, conforta un pouco o lembrarse da barudés e da sublimi-

dade dos vellos antepasados; mais, como queira, ben sería que os homes xa entrados en anos soupesen temperal-os nerveos pra decote non amostraren de boas a primeiras, a tosca fiarada bella que, se cadra, andan tecendo.

A nós, os qu'eiquí moramos e convivimos con él, nos non colle de novo, nin de sorpresa, canto dí o autor da epístola: conocémolo d'a bõndo pra sabermos que non pode obrar d'outro xeito. Seu labor político foi sempre o mesmo: unha barafunda de teimas carraxentas, de xenreiras, de acucias póstumas de notoriedades; e, por iso, cando algo nos ven d'el, o rictus que nos nosos beizos invariablemente se desdibuxa remata unha frase que resume a nosa impresión e o noso comentario: *cousas de Xaquín A.*; e, o se deter moito n'elas é furtal-o tempo

á empregos máis nobres e merecentes de máis atención.

Eu non tomo a pruma en defensa das persoas qu'il trata de lixugar, porque calquera dos insidiosamente aludidos, val, polo menos, tanto como él; e polo que fai á plutocracia barcelonesa e ó ouro catalán, todo elo é un engado pra ceibal-o conto de que unha vez houbo quen lle dixó que fose candidato solidario, a raíz da elección na que o fixeran diputado provincial os solidarios; a quen, por certo, treizoou aliándose contra d'eles cos seus inimigos políticos. O autobombo non deixa de ter tamén as suas crebas; e quen leeron a coruscante epístola teñen xa feita á hora d'agora, unha idea cabalísima dos movis que a cotío inspiran a campaña antigaleguista—si é que campaña se pode chamal-o chismoso discreteo en que me veño ocupando—do ilustre autor da pimpante e feiteira epístola.

Pro, houbo nesta unha alusión á min, á miña modestísima personalidade, que, aínda que nada me magoa, non quero deixar pasala sin rectificación: por esto é que escribo, e fareille gracia do demais, e, conta, que pretenden firme, supoñendo en min, hostilidade pra o direito galego, que ninguén por riba da súa testa pon máis outo que eu.

Dí o Sr. Arias que eu son de nazonalidade catalana, como bon fillo de catalán: asina son moitas cousas suas, que segundo as maxina, as ceiba, coidando que á forza teñen de seren como á él lle peta. Pois nesa afirmación—que non vexo, despois de todo, que finalidade podería levar—erróu de medio á medio; porque nin eu son catalán, nin o foi meu pai, nin ninguén dos meus antepasados; sinon que *eu son galego*, fillo de galegos, o neto e bizneto de galegos. *Eu son galego*, in da que o Sr. Arias Sanxurxo tiver maxinado outra cousa, non só pol-o *jus soli*, sinon tamen pol-o *jus sanguinis*; e esta teoría de direito inter estatal e inter rexional non foi inventado en Prusia. *Eu son galego*, en fin, porque Deus o permitiu, e teño en sel-o o máis grande honore do mundo, e en traballar pol-a nai escravizada, Galiza, as arelas máis fondas da miña vida.

Agora, canto á eso que o Sr. Arias Sanxurxo se permite decir da miña finonomía, si é que se refire á miña faciana, abóndame con que se seipa que n'ela endexamais se pousou ningunha mau aleve; e, canto á acento rudo e rexo, que dí que teño, cómpreme á min o decir que preferiría cen veces o tel-a a sin, que non de soprano chorona, coma o qu'il tira a o falare en castelán, cõ que endebén lle fai perder á este a súa natural rotundidade, enxerguéndolle un certo ár de soavidade, un deixo maino d'armónica e anxelical dozura, que lle presta moitísimo, e, mesmamente, da xenio.

Dinantes de que remate, non quero es-

quecerme de facer constar que a Irmandade da Fala, d'esta Cibdade, a quen o Sr. Arias Sanxurxo donosamente dou por morta, está aínda viva, e viva non só, sinón tamen desposta á loitar—Deus mediante—e de cada ves, con máis firmeza pol-o santo ideial galego, sin dárselle nin siquera media figa por que no seu camiño s'atope cós tópicos do aboengo, do ouro barcelonés, e demáis monsergas, co as que o Sr. Arias Sanxurxo remosquea, xa que outra cousa millor a non hai, en busca e captura da cobizada notoriedade.

O que compre moito é ter alma galega, e se non coidar á guía, cando prumas de pombiña son o que se leva no lombo.

¡Terra a nosa!

MANOEL BANET E FONTENLA
da «Irmandade da Fala» de Monforte de Lemos.

PR'À NOSA BANDEIRA

NOBRE E XENEROSO RASGO

As cigarreiras que compoñen o Montepío «Las laboriosas», tiveron un fermoso rasgo de patriotismo, ó que temos qu'estare

agradecidos todos aqueles que loitamos nas fías do galeguismo.

Isas dignas e laboriosas obreiras sempre dispostas ó ben, e a interveñir en total-as boas causas, enteradas de que nós tiñamos aberta unha suscrizón entr'as mulleres galegas pra faguer a nosa bandeira, qu'axiña será unha realidade, tiveron o patriótico acordo de faguer unha recolleita entr'elas, e o xuntado, qu'ascendéu á pesetas 73.40, foi entregado ó noso primer Conselleiro pol-a presidenta D.^a María Villares, en nome da dita Sociedade.

Cando mañán saiamos co-isa bandeira Galicia adiante, e ó seu redor axuntémonos os irmáns pra loitar feramente contr'os caciques predicando as nosas arelas de redenzón, adicaremos unha grata lembranza de gratitude á isas honradas e bondadosas traballadoras, alma da nosa raza, que baixo o nome «Las Laboriosas» constituiron unha Sociedade de socorros, qu'as honra, pol-a seriedade e boa organizazón con qu'a levan.

E mentras tanto, boas galegas, berrade con nosco: ¡Terra a nosa!

DESPOIS DA SOLUCIÓN DA CRISIS

¡ABONDA XA!

MOITOS aprausos, moitos vivas! déronse nos derradeiros días. ¿Será isto un mal agoiro? Non abunda entusiarmarse coa solución dada á crisis gubernamental, deixade ese entusiasmo pra o vosco interior.

Non importa que teñamos un goberno de garantía pr'ós españoles. Temos o deber de axudarlles c'o noso esforzo no traballo; temos que ser o alento vivificador d'os que van á rexir os nosos destinos; e ese alento non se lles dá batendo as mans hastra poñelas roxas de bourar. E o mesmo que si nunha frábica, houbera un bó director, un bó consello ademenstrativo, boas materias primas, a maquinaria perfecta e engrasada, e os seus obreiros estiveran á portá deitados car'ó sol pensando sómente no produto que chegara a dare.

España é un pobo traballador (non perdéu o pulso); no seu chan ten elementos de vida, ten homes de intelixencia crara e rápida; España ten que ser, o que pode sere. ¿Como? Rachando a terra e facendo que froitifique unha boa semente espallada nos regos, facendo que unidos todos os homes honrados, queden errantes os folgazás de pico d'ouro, e poñendo en práctica, os consellos, d'os que abafados pol-os sambexugas d'o sangue nacional, estiveron hastra oxe metidos n'a sua casa, fortemente pechada, pr'a que non chegara á eles o zurro que poidera livalos.

Por nós, podemos responder. Galicia, anque debilitada pol-os que a teñen anémeca e escravizada, non deixará de levar a sua pedra pra facer os cimentos do moimento, que todos os irmáns d'a nova Iberia teñen o deber de levantarse pra faguer forte á España que hastra oxe foi interpretada como unha estampa d'as pañeiretas.

R. VARELA.

Efemérides galegas

MARZO

Día 21

1690. Morre o doctor D. Alonso Martí da Veiga, Inquisidor de Santiago.

Día 22

1887. Morre o Capitán general do departamento de Ferrol, D. Jacobe MacMahón.

Día 23

1865. Morre na sua casa de Mondoñedo o ilustre compositor e mestre de capela D. José Pacheco.

Día 24

1819. D. Dámaso Iglesias, é consagrado bispo d'Ourense, na Catedral de Santiago.

Día 25

1826. Nace no Ferrol o ilustre general de Marina D. Vitoriano Sánches Barcáiztegui.

Día 26

1690. Desembarca no Ferrol a Princesa María Ana de Baviera, segunda muller de Carlos II.

Día 27

1591. D. Alonso de Lanzós e Andrade, Capitán de unha das tres compañías armadas para garda da cidade de Betanzos e seu termo, queréllase ante a Audiencia de Galicia de que o Corregidor D. Juan Dávalos, estando él ausente c'o Alféres Mayor Jan Rouco de Parga, ministros e outras persoas, fora á casa do seu Alféres Andrés López e por forza e contra da sua voutade tomáralle a bandeira e a caixa da sua compañía, pidindo lle sean devoltas e castigados os autores do feito.

Día 28

1809. O general francés Chalot con 1.213 soldados e 46 oficiás, capitula na praza de Vigo, na que entraron os nosos guerrilleiros, sendo aqueles embarcados nas fragatas inglesas *Sively* e *Venus*.

Día 29

970. Morre na batalla de Fornelos, de un frechazo, combatindo contra dos normandos, o bispo de Santiago, Sisnando.

Día 30

1805. Combate do Cabo Prioiro.

Os que non traballen a cotío pol-a redención do pobo galego e agarden a facer que traballan no víspora das eleccións, non son merecentes d'outra cousa que do desprezo.

Os bôs e xenerosos óllanse sempre perdendo o evanxelio da liberdade.

Os farsantes amigos de comenencias, sin perxuicio de chamárense moi demócratas e moi revolucionarios, soio se lembran do pobo cand'o pobo pode servirilles de escada pra rubire e faguer carreira persoal.

Os galeguistas non temos espírito egoísta de crás; non temos criterio doctrinal partidista estreito.

Non caemos no ridículo d'impoñere orientacións.

Coidamos que o pobo somente percisa que o «eleven». Logo il orientarásese de seu.

DE MIN PRA VOS

ROSÑA A ESTATUARIA

Pr'o méu bô amigo e irmán
Xosé Iglesias Roura, que ten
corazón pra enxerguel-o.

RODOLFO da Franqueira ôs vintetrés anos d'idade, hachábase dono d'unha forte fortuna qu'herdara de seus pais. Xoven, e criado n'un ambiente de luxo, demáis istá o decire o emprego que faría do seu caudal.

Chofdo compretamente no vicio, n-un vicio careiro d'outa esfeira, non ficóu terra que non pisara nin gusto que non cumprira. Sômentres co as rendas que cobraba, tiña d'abondo pra convertire súas aristocráticas mans en mántial inagotable d'ouro.

A maor das suas debilidades, entr'as moitas que tiña, era o conquerir custálle o que lle custara, os corazóns d'aquelas mulleres que ningun dós seus compañeiros conquerira. O moito capital que tiña, chave mestra das portas dos corazóns femininos, e o seu porte d'elegante atleta, abranguera conquerimentos nos qu'outros tan ricos como él saíran derrotados.

Soio unha resistéuse ás súas insistenzas; soio unha soupo erguere unha forte barreira na qu'o xoven potentado estrelóuse sempre, pesi-ôos seus eispréndidos regalos en xoyas, e ôos seus requerimentos d'amore: Rosña. Horfa rapaza que vivía en compañía de seus tíos, dos que recibira unha eismerada educazón, qu'en xuntaza co a bondade do seu corazón e a pureza dos seus sentimentos, fixéronlle ganare o sobrenome de *a estatuaria* polo ben doada qu'era, e pol-a frialdade qu'amos-traba co-aquiles qu'a requerían d'amores.

Rodolfo conquerira d'ela duas cousas que ninguén conquerira: qu'ouvira os seus rogos d'amore, e que ll'ademitira os regalos qu'ascendían a unhos miles de pesetas. A ademi-sión dos ditos regalos faguían que Rodolfo tolo por conqueril-a os redobrará cada ves mais eispréndidos, pois faguían medrar n-él a fiducia de vérense cumpridos seus desexos.

A tal eistremo chegóu a fortêza da rapaza negándose ás pretensións de Rodolfo, qu'iste sin se dare, conta iba sentindo no seu peito un ineispricabre sentimento por ela, que non era o pasaxeiro capricho de seducil-a. Xa canso de rogare, e de rondal-a, pídeulle unha derradeira entrevista á qu'ela acedéu. Ás once da noite ela saíría ô balcón, e falarían. Chegada a hora citada, chegóuse Rodolfo ô pe da casa da Rosña, e o non fixo agardar.

—Boas noites, Rodolfo—dixolle a rapaza saindo ô balcon.

—E de vida ou morte pra mín—contes-tóulle él.

—Xa será algo menos...

—Xúroche que non, Rosña.

—Bó; os xuramentos nos teus labres, son leicións adeprendidas qu'á forza d'as praiticares no-as esquences,

—Con outras; contigo non.

—Non m'enganas; xa o sabes que non m'enganas.

—Logo, ¿que che obriga á dar-me ouvidas?

—A fé que che teño, o dôr que me causa o que non asentes a chola... ¿Queres que cho

I

*Subindo vou a congostura
con pesado feixe ô lombo,
feixe das mágoas da vida
que xebrar de min non pode.
Heino pousar na chanzada
ô remate d'este longo
camiñar, sempre empinado,
por entre xardóns e toxos
onde acaba o mal camiño
pero tamén os meus folgos.*

II

*¡Oh ti, moza, si quixeras
sel-a amante lazarilla
do pobre cego que ô tino
e a coteladas camiña!...
se pol-os teus ollos vise
unque sempre me mintiras;
Oh, se a paz m'encamiñaras
d'algunha furna escondida
onde xurdan frescas fontes
de ideal, que non estiñan...
Oh, se ti me prometeras,
mais que nunca me cumpriras...
—eu constante namorado
e tu sempre fuxitiva—;
Ilusión, se a mau me deras
pra subir acolá enriba,
¡que levían este camiño
me farías!...*

JOSÉ IGLESIAS ROURA.

diga n-un verbe?... ¡Ténoche lástima, Rodolfo!...

—¿Eu, dino de lástima?... Rico, xoven, cheo de vida, dóuche lástima!... ¡Non me fagas rir!...

—O non intento. Millor quixera que choraras, pro agora, hoxe, qu'o tés todo e hai tempo, non mañan, cando sexa tarde. ¡Oxalá choraras, que si o fixeras, sinal sería do teu arrepentimento!...

—¿Tan malo son?

—Pra tí, qu'é o máis triste.

—E pra tí tamén, ¿verdá Rosariño?...

—Pra mín, sí..., non...

—Quéresme, Rosariño, ¿non sí?

—O non sei. Sonche franca. Ás veces pensô eisi..., outras, outras, non.

—¡Fasme cavilare! Tés un xeito de sere, que non termiño d'enxerguerte.

—Enxergues, home, enxergues. Ben-o sei. O que tés é temore de comencerte de que m'enxergues.

—Non teño temore á nada. Agora, sinto por tí unha certa simpatía qu'endexamáis sentín por outra algunha... Poida sere que si t'afoutaras á vire connigo por lonxanas terras, si t'afoutaras á vivire na miña compañía algún tempo...

—Canso do méu corpo—interrumpéuno Rosario—deixaríame no meio da rúa como fixeche con outras... ¡Que probiño eres, Rodolfo, que probiño eres!... Non é ise o camiño pra chegaré á mín.

—¿Pol-o do casamento?

—N'hai outro.

—Pois por ise, non me perdo.

—Tes razón. É mais dereito o do vicio. Téu pago terás.

—Bó, contos non henchen. ¿Ti qué vir?...

—Algún día será por desgracia. Boas noites.

Pechóu a porta vidreira que daba ô balcón e saudandô co-a man dende trais os vidros, retiróuse.

Contestóulle él ô saúdo, e nin ledo nin triste pol-a retirada súpeta da rapaza, encolleuse d'hombros, e asobiando un alalá en boga, con ar de gran señor, colléu rúa adiante en atopo d'amores mais á man...

* * *

Dend'aquela noite o galanteiro, cicais por se dare conta de que non sacaba nada en limpo, deixóu de rondal-a casa de Rosario, e aínda cando a vía na rúa nin pra ela miraba. ¿Despeito? ¿Indiferenza? O derradeiro tal ves, que quén coma él dispoñía de entretimentos d'abondo día e noite, é moi posibre que non tivera tempo pra pensare n-ela. N'hai cousa com'as ocupacións do vicio, pr'adormecel-as pasións carnaes e os remorsos do espritu.

Ô pouco tempo desaparecéu da cibdá. Ninguén volvéu á tere noticias do seu paradeiro. Envolveito no torbelino do vicio, alá iría costa abaixo, pulando de terra en terra e de brazos en brazos, deixando nas unhas anacos do seu caudal, nos outros, xiróns da sua vida... Soio sabíase d'él, ou falábase millor dito, ô se sabere da venda d'unha nova casa súa, que dend'aló, o ordeaba ô seu administrador pra que lle xirara o importe. Derradeiramente, cando nada ficóulle por vendere, finóu na acordanza de todos nas ás do esquecemento...

Entranto Rosariño denpóis de pasare pol-o dôr de perdere ôos seus tíos, ô atopáre-

se soia no mundo, tomou a determinazón de trocar en cartos as xoyas que lle donara Rodolfo, e puxo co-eles, que rubiron á unhas quince mil pesetas, unha eispréndida casa de modas que moi axiña chegou á sere a de maior e millor parroquia da cibdá, da que sacaba boas ganancias.

Demáis istá o decire que si probe abondábanlle pretendentes, dempóis non lle habían de fallar. Inútil. Xorda ós galanteiros termiñou de conquistar o afirmamento de *a estatuaría*, e a formazón de dous xusgadores bandos do seu vivire: un, defensor da sua virtude, o outro, crênte do seu pecado...

* * *

Pasaron unhos anos. Un día chegou á ouvidos de Rosario unha tristeira nova. Rodolfo, o ricacho qu'a requerira d'amores, chegara de lonxanas terras, probe, abatido, e cego. Unha segreda enfermidade filla do vicio puxera en perigo a sua eisistenza, e a cencia, en fera loita cō mal salváralle a vida, á costa do pouco capital que lle ficaba, e da perda da vista. Estaba no hospital; non malo d'aquela doenza da que curara, sinon d'agotamento físico das privacións pasadas.

Rosariño, *a estatuaría*, a rapaza d'alma de

mármore, leda, surrinte, satisfeita, non ben pecharon a tenda, dirixéuse ó hospital e abranguéu do Director o tere unha entrevista con Rodolfo. Chegou onde a él, e ó vel-o tan abatido, desfarrapado e cego, un salaio de dōr apertoulle a gorxa e bágoas ardentes rolaron silenzosas pol-as suas fazulas...

—¡Rodolfo!—chamouno con voz ronca pōndolle as mans na chola e botándolla pr'atrás, fitándoll'os ollos sin lus.

—¿Quen pregunta por mín?—interrogou quedamente.

—¡Eu!... ¿Conécesme?

Rodolfo tremou. Aquela vos faláballe d'outros tempos. Crêu conecela.

—¡Enganareime!... ¡Fálame, fálame outra ves!

—Non t'enganas, non. ¡Son eu!

Erguéuse súpetamente o cego e collendo co-as suas mans as d'ela e apertuxándoa fortemente eiscramou:

—¡Rosña, miña Rosñal... ¡Ti, tiñas que serel... ¿Estás empregada eiquí?... ¿Vesm'a vere?...

—Veño, mais non á te vere. Non á che dare o pésame na túa desgracia. Eu, Rosña *a estatuaría*, a que tivo forza de vountade pra non ouvirte cando rico e san, ven agora

á che prestare consolo e axuda, probe e malo... Eu que despreceí os teus amores daquela, dfrézoche agora os meus porque che quero como che quixen sempre. As xoyas que me donache pra conquistar o meu corpo, fíxenas cartos e co-eles un modo de vivire... ¡Canto teño é teu!... Sin eles, probe e soia no mundo, cicáis caera na pendiente qu'os teus cartos poidéronme poñer... ¡Xa ves como'a miña vountade salvóunos ós dós!

—¡Deus te bendiga, Rosña! É tanta a túa bondade, tanto o ben que me fás que dubido.. ¿Roparaches qu'estóu cego?

—Roparéi.

—¿E quéresme eisi?

—Mais, moito mais. Sendo cego, non verás o meu corpo que tanto desexaches. Sendo cego, non sentirás por mín a noxenta materialidade. Sendo cego, verasme soiamente cōs ollos do corazón, e verás o meu espíritu, miña alma, ispida e limpa, que non é coma ves, por certo, alma d'estatuaria.

—Xa o vexo. Tua alma é a alma galega. Rexa cō forte, branda cō caído. A alma da raza.

E confundidos seus corpos n'unha aperta e seus espíritus nun beixo, xuntaron pra sempre as suas vidas que soio sopararía a morte.

RICARDO CARBALLAL.

A TERRA NAI

Mentras o vento inverneiro
creba o silencio das fragas
y-anda entr'as follas rosmando
pol-o baixo unha pregaría,

dorme a Terra
arrepíada

co friaxe; acochadiña
nas néboas das orballadas;
aterecida de frío

baixo a neve y-a xiada,
parece que non tēn vida
nin tēn alma;

y-é que alá dentro
das suas entranas

sinte formarse o milagre
da sua conceución santa;
e por eso

metida en sí se prepara
pr'a reprodución campestre
que ó vil-o tempo da esfarna
trócase en risas de froles,
e fai xermolal-as prantas,
e cobre os albres de follas,
e inza as aldeas de cántigas,
e dá verdores ós eidos
pra despertal-as espranzas...

¡Terra nosa!

Meiga e santa

Nai, querida

dos que loitan e traballan;

doce berce dos que nacen
e sempre a gatiñas andan;
leito eterno dos que morren
e no teu colo descansan...

¡Cómo lle emprastas acougo

ós mesmos que máis te aldraxan
desleigados

hastra chamarche madrastal...

¡Santa Nai! ¡Santa Naiciña!

que os nosos mestêres calmas,

y-as nosas probezas curas,

y-as nosas angurias sanas,

e acaríñas

e hastra chamás

ós que che fuxen

e te magóan e mancan!...

¡Terra Nai! De canto vive

no mundo ti érel-a yalma,

y-érel-o calor que quenta,

y-érel-a fe que dá espranza,

y-érel-o alento que anima,

y-érel-a forza que manda...

No teu seo

non sei que sacretos andan,

nin sei que misterios dormen,

nin sei que poderes campan.

Si a Primaveira te bica

c'unha amorosa bicada,

tal se estremecen

as tuas entranas,

tal te esprinfolas
coas tuas millores galas,
que cóbrel os campos todos
cos coores que máis engadan,
e fas froitecel-os eidos
co morno quentor que gardas;
e ó chegal-o Vrau recréyaste
nas máis férteles anadas
que acugulan cabaceiros
y-enchen tullas e solainas;

e no Outono

pôs en sazón a abundancia,
coma unha nobre matrona
que os seus trebellos amaña,

pra durmirse

sosegada

na Invernía,

co sono da paz y-a calma,
mentras o seu novo parto
se prepara.

Nai garrida.

que cando te firen sangras,
e cando te esquencen choras,
e cando te inxurian calas,
¡déixanos que te biquemos
como se bican as almas
que pr'a vida e máis pr'a morte
teñen que estar axuntadas!

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Peneirando...

A Comisión provincial da Cruña—obrigada pol-as presións dos galeguistas e pol-as campañas das *Irmandades*, do *Noroeste* e da NOSA TERRA—acordóu segunda-re a iniciativa do Sindicato Cámara Agrícola referente á solicitar do Goberno que traya mainzo pr'ós labregos galegos.

Aquel Sindicato — verdadeiro orgaismo inútil,—eisi reconecido en vos baixa por todos, non fixo mais que copiare unha labor da *Irmandade Rexionalista*.

E a Comisión provincial, tobo de caci-quería de rueiro, coida que xa pódese engolore parvos facendo que fai.

Non; o pobo galego vai abrindo os ollos.
¡Viturro, Aller e compañía, redentores!
Risum teneatis...



¡Que chistoso! Hay pra fartarse de risa.

Un Xan Merino, que é o mesmo que dicire un Xan Lanas, nos forros d'isa *americana* que se chama *Vida Gallega*, escribiu unhas *bersas* que fan rir non samente ós peixes de côres, senon hastra ós seixos da praya de Riazor.

N'ela fala de Xudas, de rexionaleiros... Como Xan é tío de *Picorete*, coidamos que asíñala á familia.

Vaites, vaites, c'o *gachó* da arpa do Orzán.

¡Que boa adquisición pr'ós *de Lara*, pra

ises mestres de xornalismo que non teñen aboa, inda que teñan á Riestra de padriño!



Tamén Xaime Solá no mesmo forro da mesma *americana* trata da lingua rexonal.

De pasada como quen non quere a cousa, pertende ferir á Academia Gallega da que di ten un orgo *mais castelán que galego*.

Xaime Solá e eclético.

«Oxe — manifesta — prodúcese máis no idioma de Castela que no idioma galego. Si mañán é outra a realidade, na miña revista refrejaráse.»

Isto parez sere unha razón. Pro contradíse súpetamente c'o empeño que pon Solá, beiladore ó son que lle tocan, en amosstrar a inutilidá do galego.

E fala de *El Noroeste*, xornal rexionalista, subrayando que non esteña escrito no idioma rexional.

Si Solá non procedese de mala fé, diría que hai unha *Irmandade Rexionalista* da que é xefe un galego purísimo, verdadeiro santo laico, Rodrigo Sanz, na que teñen acollida os que fan custión dogmática a do idioma e os que falan no castelán.

E que o *Noroeste* refrexa ise xeito. Namentras A NOSA TERRA orgo do nazionalismo repersenta o espírito santo, as arelas enxebres das *Irmandades da Fala*.

Hay un feito, Sr. Solá: o de que, pese a cinco séculos de centralismo bárbaro, as cinco sextas partes do pobo galego siguen falando en galego, e a minoría que fala en

castelán fica escrava da sintaxis autóctona. Hay outro feito: o de que a lingua, é o froito supremo da persoalidade e a cultura histórica dos pobos.

E inda outro: que Portugal e as suas colonias, máis de trinta millós d'almas, falarán sempre o idioma galego modernizado.

E como nós non queremos que se desbote o castelán, senon que os galegos dren-to da sua casa falen galego, pra non seren treidores á sua natureza, pra non seren onanistas espirituales, pra non seren incluseiros da cultura e fillos artificiaes do pensamento, é pol-o que naceron as *Irmandades da Fala* cada ves mais fortes, mais honradas, e cada ves mais preto do trunfo.

O probrema galego está na lingua. Si non estivera na lingua, non se loitaria contr'os enxebres.

Porque se fose utópico e parvo o ideal que cobizan, con non faguer caso d'il, teríase d'abondo.

A lingua é a y-alma da nova cruzada. A lingua e o coitelo, a fouce millor ainda, que segará a cizaña do centralismo.

Do esquecemento da lingua veu o divorcio antr'o campo e a cidade.

¡Qué argumento é ise de que os caciques falan o galego millor que os irmáns da Fala?

Cando o pensamento galego eisista, cando d'iste pensamento xurda trunfal a nosa outa persoalidade, cando Galicia fale, sinta e pense de seu, entoncos ceibes das cadeas do centralismo, os caciques casteláns gale-

1) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o doc^{to}r catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

I

SEÑORAS e señores:

Vou a falarvos d'unha clas de problemas que moito nos interesan. Mais, denantes quixera indicarvos algo con respecto do galego literario porque hay ja un galego literario á diferenza do galego vulgar. Unha lingua ten que ser ante todo un instrumento cultural, e pol-o tanto n'un certo momento do seu desarrollo, tenderá a tomar unha forma, sabía, e géral e deixará aquela variedade, multiplicidade e incertitude que ten n'os laibos do pobo. A lingua literaria é mais lógica mais regular qu'a vulgar; fai unha selección de formas e verbes da derradeira. Oje vemos surgir unha lingua galega cultural e científica que hai mui pouco tempo non existía. N'iste galego cultural, literario, é no que pretendo falarvos. Fan ben, os poetas, en seguir empregando n'os seus versos a lingua popular. Ja dixio o gran vate

catalao Maragall como os dialectos se ageitaban para a poesía lírica. Mais, a lingua literaria é precisa pra outros fins da vida taes como a ciencia, o comercio, e debemos traballar por ela. O que a nós agora nos pasa, pasou sempre a todos os pobos c'os seus lingoages. Por exemplo, a historia do pobo e da lingua goge non nos mostra outra cousa. E o pobo goge é o inventor da civilización! Como dí Sumner Maine «fora das forzas cegas da Natureza cousa ningunha se move no mundo que non seja grega no seu orígen.»

II

Vou tratar d'espôr n'esta miña conferencia os nosos problemas educativos, pol-a singela razón de que preto do tempo en que teñamos que resolver por nós mesmos os asuntos da nosa región galega, é preciso que dispoñamos para os ditos problemas d'unha solución precisa. Eu quero aportar asin a miña pequena contribuzón, por certo ben pequena, á obra da renascenza galaica.

Non esperedes de min un discurso elo-cuente. Non samente non conozo a retórica, senón que teño por ela unha grande antipatía por considerala un grave mal ibérico.

Non, non veño facervos un discurso pom-poso en que combinando citas con anécdotas coñecidas, vos diga o que todos sabedes: que o noso insino é muy imperfecto. Tampouco veño á dar queixumes ao vento sobre a nosa situazón pedagógica. As queixas como di belamente Goethe pol-a boca d'un persoage n'o seu poema *Hermann e Doro-tea*, ante a catástrofe d'as guerras napoleónicas, non fan máis que aumentar o mal de que nos layamos, é non traen pras loitas remeio ningún. Señores, o tempo dos lamentos e pasado; o futuro, ainda o presente, e o tempo das grandes afirmazóns como sol-o mostra o espectáculo actual do mundo. Falareivos con claridade, sen aparato, do que podemos todos unidos facer, do que debemos facer inmediatamente ou canto mais antes, pra renovar a nosa vida educacional. Tratarei de evitar a inútil retórica como dixen, si ainda que a defecto se me quer impôr, e demostravros cal é a tarefa e que a tarefa non é tan dura como parés.

Notemos que a importancia da educazón é enorme. Os seus chamados fracasos son

JOHAN VIQUEIRA.

(Continuarase.)

gos ou galegos casteláns, non terán xeito nin acougo. Porque có réximen galeguista virá a liberdade colectiva sin a que a persoal non é abranguibre.

N'unha sociedade escrava, non colle o cidadán libre.

Os galegos colonizantes na América, non percisaron do castelán, que non sabían, pra facer o que non fan os galegos castelanizados que oxe emigran. ¡De canto lles sirviu, en troques, ás nosas colonias de Lisboa, Oporto e o Brasil, o teren unha riqueza bilingüe!

Si o galego se cultivase literariamente coma lingoa propia en Galicia, non sería oxe Portugal pra nós—en canto á sua cul-

tura refírese—cousa mais lonxana que Rusia ou o Japón.

Pol-o demais, digan os notarios, os médicos, os farmacéuticos, os mestres de primeiro insino e os cregos da nosa terra, si o castelán correcto enxéguenno os labregos galegos, de maneira que lles chegue á y-alma.

Ética e menos cursilería—di Solá.

¡Pedírenos ética a nós que non adimitimos á ningún home lixado nas nosas fias! ¡Falar de cursilería ós que se poñen á xeito co'a natureza das cousas, que é a única maneira de sere naturaes!

A cursilería está na afectación. E cursis son todol os que disimulan o acento que ri-

cibiron en herdo. Os que coidan com'a millor louba a de que lles digan: *vostede non parez galego*.

¡Falar de ética e de cursilería, Solá!

Home, non amoques. ¿Haberá imbécil maor? Xa te conecen hastra en Andorra.

~~~~~

Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

**¡GUERRA AOS CALLOS!**

Callos, sabañós e ollos de galo cúranse co

**Bálsamo Oriental**

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez. Representante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

**ICANAS Á FORA!**

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

**Aceite del Serrallo**

—y—

**La Jerezalina**

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Representante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

**BALDOMIR**

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**Cando vosté percise o SELLO YER**

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en liberdade de darlle calquer *sustituto ou imitación*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuios efectos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

*Pida, eisixa vosté sempre o*

**SELLO YER**

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

**A Papeleira Galega**

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

**NOVO LIBRO**

**Da Terra asoballada**

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

**FRÁBICA MECÁNICA**

**:-: DE CALZADO :-:**

— DE —

**ANXEL SENRA**

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA**

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuízos e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de focador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO


Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

|                                      |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Prezo en terceira â Habana . . . . . | Ptas. 298'60 |
| » » Veracrús. . . . .                | » 313'60     |

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.